

# ANOCHÉ CONQUISTÉ TEBAS

Gabriel Azorín, 2025

# 1822

ESTREA EN NUMAX: 06.09.2026 | V.O.S.E. | +7 | 112 min

Nunha tarde de inverno moi fría, Antón e Jota volven da fronte xunto aos seus amigos na busca dunhas antigas termas romanas. Fan bromas entre eles e vadean pantanos mentres rememoran a súa última batalla. As termas aparecen tras pasar moito tempo baixo a auga dun encoro e xente de todas as idades acode a pasar o día. Pero hai algo misterioso nesas termas, como se a auga influíse no estado de ánimo dos rapaces, dándolles o valor de dicir cousas que nunca contaran a ninguén. A medida que o día se converte en noite, confesan os seus sentimentos e os seus medos de perder para sempre o seu mellor amigo.

«Fascinante, hipnótica e conceptual.  
Desafía o espectador mentres o invita  
a unha experiencia única»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



## Entrevista con Gabriel Azorín: «Poucas cousas son máis perigosas no cinema que unha pantalla negra»

Por Eulàlia Iglesias

**Anoche conquisté Tebas ten lugar nunha localización que determina todo o filme.**

**Que foi primeiro a idea do filme ou o lugar?** No principio da película está o lugar. Descubrí as termas de Bande, en Ourense, unha tarde de inverno de 2017. Funme bañar alí cunha amiga e, pola noite, fiquei nunha desas piscinas con forma de sarcófago. Están dispostas de dous en dous, como se alguén decidise que son ideais para compartir conversas. Como as termas están no medio dun val e non hai luz eléctrica, aparte de gozar da calor da auga e do vapor, o único que podes facer é contemplar o ceo. Aquele noite o ceo estrelado era increíble. Non puider evitar preguntarme: canta xente antes ca min tería feito este mesmo xesto? Sentínme en comunión con todas esas persoas.

Dous anos despois, estaba a estudar na Elías Querejeta Zine Eskola e intereseime moito nun aspecto do cinema de Margarida Cordeiro e António Reis, as estratigrafías, esa capacidade que ten un plano cinematográfico para revelar distintos tempos. Lembreime das termas de Bande e propúxenlle aos meus compañeiros do colectivo Lacasinegra, María Antón Cabot e Carlos Pardo Ros, que me acompañasen a volver velas. Desta volta levamos unha cámara pequena moi sensible e cando chegou a noite puxémonos a gravar a tres mozos nunha piscina. Había algo no seu xeito de estar, na súa linguaxe corporal, que me chamou moito a atención. Cando volvemos a casa e revisamos aquelas imaxes foi unha caste de eureka. Conseguíramos algo completamente cinematográfico: eran imaxes sen tempo.

**Cando os personaxes arrincan a falar en latín é inevitable pensar en *Sebastiane* de Derek Jarman. Pero o filme se desvía desa tradición, porque a desnudez leva a unha intimidade emocional, pero non sexual.** Este é un tema que estou empezando a entender a partir da reacción do público e de como moitas persoas len a película desde o *queer*. Paréceme interesante incluír o heterosexual dentro dese debate: formar parte dunha conversa *queer* sen que a película ou os personaxes teñan que ser homosexuais. Tamén me interesa a relación coa amizade, porque pode entenderse como unha forma de amor sublimada.

**Como afrontaches co director de fotografía Giuseppe Truppi o reto de rodar un filme que nos envolve na escuridade e mesmo enche a pantalla de negra noite?**

Como di Martin Pawley, o filme non só fala de tempo e da amizade entre os homes, senón tamén da escuridade da noite. Durante o proceso investiguei como a aparición da luz eléctrica transformou a nosa relación coa escuridade. O xogo do vapor, a luz e as cores xera no filme algo artificioso, case operístico, fóra do tempo. Foi un traballo moi experimental e asumimos moitos riscos, porque poucas cousas son máis perigosas no cinema que unha pantalla negra. O espectador non sabe se rematou ou se houbo un erro. Pero eu quería que o público vivise a mesma experiencia que os protagonistas, que se relaxase e que as súas pupilas se afixesen pouco a pouco á escuridade.

Publicado en Caimán Cuadernos de Cine nº213 (Setembro de 2026)